

**IDIOMA** A AELG entra en acción contra a "política do odio" da Xunta

# "Ameaza de derruba no galego"

**Os escritores eríxense nos depositarios da palabra e nos coidadores da lingua**

maré • Santiago

Cunha aposta polo futuro da lingua galega, para o que "os escritores deixaremos palabras coma pedriñas brancas no chan por se as precisasen para non se perder", a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) leu onte un manifesto contra o que

qualifican como a política do "odio" da Xunta, que "ameaza con derrubar o edificio que os séculos levantaron".

Doce escritores foron os encargados de ler o manifesto nun acto, celebrado ante o monumento de Rosalía de Castro na Ferradura compostelá co presidente da asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias, como mantedor. As quendas abríronse co presidente fundador da AELG -Bernardino Grañaño que lle seguiron Suso de Toro, Helena Villar Janeiro, Xabier P. Docampo, Antía Otero, David Otero, Euloxio Ruibal, Xavier Queipo, Bieito Iglesias, Teresa Moure, Rosa Aneiros, Marta Dacosta e Mercedes Queixas.



Sánchez Iglesias abriu o acto, cun discurso previo á lectura do manifesto reivindicativo

## Dicir verdades claras

O discurso de Cesáreo Sánchez Iglesias estivo chamado de imaxes poderosas e no que reivindicou o papel do escritor como "depositario da palabra". Escritores que, engadiu, utilizan esas palabras para dicir "verdades de augas

claras". A AELG indicou que para ser galego é preciso "sentir no corazón o orgullo do idioma" polo que cando a Administración intenta "abrir unha fenda na sociedade", esta conciencia social debe defenderse "máis ca nunca".

As súas palabras tiveron como diána a "creba do proceso de restitución á normalidade" do idioma galego que, seu entender "impulsa" o presidente Núñez Feijóo. Para os escritores, existe o perigo de reducir a presenza do idioma no ensino "ata ficar no anecdótico". Ademais, denunciaron que se "minusvalore" o coñecemento deste idioma para traballar na Administración. ●

RAMON ESCUREDO